

IES A Nosa Señora dos Ollos Grandes

[12/06/2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Datos do centro

IES Nosa Señora dos Ollos Grandes

Avd. Ramón Ferreiro, s/n

27002 - Lugo

Tfno. 982 87 00 03

Correo electrónico: ies.nosasenora.ollosgrandes@edu.xunta.es

Paxina web: www.iesollosgrandes.org

Ensinanzas

O centro oferta ensinanzas de Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, presentando actualmente o seguinte número de alumnos desglosados por curso e ensinanzas.

Ensinanzas / Cursos	Matrícula
1º ESO	87
2º ESO	97
3º ESO	100
4º ESO	95
TOTAL ESO	379
1º BAC.	136
2º BAC	141
TOTAL BACHARELATO	277
TOTAL	656

Persoal

75	Profesores Secundaria
2	Pedagogía Terapéutica
1	Pedagogía Terapéutica att. preferente
2	Profesora relixión
1	Coidadora

1.2.Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Contexto socioeconómico e recursos

O IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, trátase dun centro educativo de secundaria, de tamaño medio. Conta con entorno a 650-700 alumnos e entre 75-80 profesores e 12-15 persoas na categoría de persoal de administración e servizos. O centro atópase ubicado na cidade de Lugo, capital da provincia do mesmo nome e cunha poboación estimada na súa área metropolitana en torno ós 100.000 habitantes.

A vila de Lugo presenta unha economía baseada fundamentalmente nos servizos e certa actividade industrial. Na súa contorna a economía é predominantemente agraria, con explotacións gandeiras de carne e leite, explotacións forestais e a industria transformadora asociada ó sector.

No centro ofértanse ensinanzas de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato, nas modalidades de Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais, cas dúas especialidades de Ciencias Sociais e Humanidades, e Artes, polas vías de Música e Artes Escénicas e Artes Plásticas, Imaxe e Deseño.

O edificio data dos anos sesenta, con amplitude e luminosidade nos espazos comúns, pero unha dotación de aulas de tamaño irregular e en moitos casos insuficiente tendo en conta os ratios máximos establecidos na actual normativa educativa.

O centro atópase correctamente equipado a nivel de recursos. Cómpre destacar os recursos tecnolóxicos, contando coa implantación do proxecto de libro dixital, E-Dixgal, en todos os cursos da ESO e unha completa dotación tecnolóxica das aulas e do centro, contando as primeiras en todos os casos con ordenador con conexión a Internet para o profesor, proxector e pizarra dixital. Así mesmo a cobertura wifi alcanza todos os espazos do centro, con capacidade suficiente.

No tocante aos espazos exteriores, o centro conta con dous patios, ningún deles cuberto, e unhas pequenas zonas verdes, cun número importante de árbores no mesmo. Actualmente non se conta con horto escolar, aínda que se están a facer xestións para suplir esta carencia.

Verbo dos servizos educativos, o centro conta con servizos de transporte, comedor escolar e cafetería.

Dende o punto de vista da orientación educativa, predomina a orientación científica e tecnolóxica nas opcións do alumnado, con importantes programas complementarios nesta liña: clube de ciencia, STEMBac, etc. Así mesmo, existen interesantes iniciativas no eido das letras, como os clubes de lectura de alumnado e profesorado e variedade de idiomas (galego, castelán, francés, portugués, alemán ou inglés)

Destaca tamén o importante nivel de internacionalización da actividade educativa, coa oferta de ata tres segundas linguas estranxeiras (Alemán, Francés, Portugués) e importante número de intercambios co estranxeiro (Alemaña e Francia) e proxectos internacionais, estes últimos financiados na súa maior parte con fondos da UE a través do programa Erasmus+.

A dinamización cultural do centro corre a cargo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización de Lingua Galega, xogando un papel relevante, en colaboración cos distintos departamentos académicos, no desenvolvemento das actividades complementarias e o tratamento de contidos de carácter transversal.

A nivel da práctica docente, o centro atópase inmerso nun proceso de cambio a prol dun ensino baseado en competencias e o cambio metodolóxico asociado ó mesmo, impulsando a aprendizaxe baseada en proxectos, a aprendizaxe-servizo e o Deseño Universal da Aprendizaxe.

Integración no Proxecto Educativo

O Plan Dixital do centro constitúe un elemento central na modernización da práctica educativa e formativa do centro, e como tal a súa implementación contribuirá á consecución dos obxectivos recollidos no Proxecto Educativo do centro e desenvolverase seguindo os principios nel establecidos.

É particularmente importante a súa esperada incidencia na modernización metodolóxica e no impulso da aprendizaxe baseada en competencias. Neste sentido, a sucesiva integración no centro nos distintos plans de modernización tecnolóxica propostos pola Administración, dende o inicio no programa Abalar e posteriormente dende 2017, no proxecto de libro electrónico E-Dixgal, en 1º e 2º ESO primeiro, e posteriormente, no 2021, na súa ampliación a 3º e 4º, dotou ó centro dunha importante infraestrutura tecnolóxica.

Espérase que o Plan Dixital do Centro contribua a promover un cambio mais profundo e complexo, consistente nunha utilización efectiva e eficiente dos recursos dispoñibles mediante a súa integración na práctica educativa, promovendo e facilitando a adquisición das necesarias competencias dixitais polos seus usuarios naturais, alumnado e profesorado.

Integración do Plan Dixital na Programación Xeral Anual do curso 22/23

O longo do curso 2022-2023, conforme a implantación do LOMLOE vaise convertindo nunha realidade, compre afondar no desenvolvemento da competencia dixital do profesorado e do alumnado, ó tempo que se vai creando una eficiente estrutura tecnolóxica que permita aproveitar os novos recursos postos a disposición polos investimentos tecnolóxicos efectuados.

Ó longo do curso organizarase a oferta formativa do profesorado e alumnado en canto á dixitalización en función das súas necesidades e dos obxectivos establecidos, un dos cales debe ser facer efectivo o proxecto de libro dixital ca necesaria formación metodolóxica para aproveitar todas as súas potencialidades.

Dende o punto de vista da infraestrutura tecnolóxica do centro, compre facer realidade o uso eficiente da mesma mediante os necesarios traballos de mantemento, que debe de ser convintemente xestionados con provedores fiables e eficientes, en sintonía cas necesidades e peculiaridades do centro. Así mesmo, xestionarase ca administración o recoñecemento necesario das tarefas de coordinación desenvolvidas polo profesorado do centro como un traballo efectivo a recoñecer tanto como horas lectivas como cas necesarias acreditacións.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A LO 2/2006 de educación, establece os principios de actuación das administracións educativas e dos centros docentes en relación cas Tecnoloxías da Información e da Comunicación no artigo 111 bis, establecendo no artigo 120.1 a necesidade de incorporar no Proxecto Educativo do Centro a estratexia dixital do mesmo.

Nese sentido a Resolución do 17 de xuño de 2021, pola que se ditan instrucción para o desenvolvemento do curso académico 2021-2022, establece na súa disposición adicional 5ª que os centros elaborarán ó longo de dito curso o seu Plan Dixital.

Finalmente, na Resolución de 3 de setembro de 2021, se ditan as instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos na comunidade autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Tras instrucións da Administración relativas á necesidade de elaborar o Plan Dixital ó lóngo do curso 2021-2022, ó principio do curso constituíuse unha comisión encargada de trasladar ó Claustro os obxectivos do Plan, supervisar e implementar a enquisa SELFIE e os test de competencia dixital.

Unha vez creada a liña de formación dentro do Proxecto de Formación Permanente do Profesorado e aceptada a oferta formativa polo CFR de Lugo, e seguindo as súas instrucións, realizou o análise DAFO da competencia dixital da institución.

En función dos resultados de todos estes elementos, elaborouse o Plan de Acción Dixital, definindo os obxectivos, os indicadores, accións, resultados esperables e proceso de avaliación a desenvolver dentro do mesmo nos vindeiros cursos.

Finalmente procedeuse a redactar o documento final e, en breve, presentarase a Claustro e Consello, iniciando unha nova etapa na implementación de este plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A necesaria infraestrutura tecnolóxica do centro conta como elemento central cun servizo de comunicacións centralizado pola Consellería de Educación, e integrado por liñas de teléfono, conexións a Internet por cable e tres redes inalámbricas suministradas pola Xunta: rede Abalar, rede edu.xunta (para usuarios edu.xunta) e rede 27006541 (para conexións inalámbrica de dispositivos do centro).

1. Conexión inalámbrica

As conexións inalámbricas, a día de hoxe, abranguen todo o centro, facilitando a conexión dos dispositivos. Existe así mesmo un protocolo para a entrega de contrasinais wifi da rede edu.xunta para o alumnado que o precise.

As distintas wifis teñen unha cobertura diferente, determinada pola súa finalidade:

- Rede edu.xunta, usuarios edu.xunta fora do sistema Abalar.
- Rede abalar, usuarios e equipos Abalar
- Rede 27006541, rede con IP fixa que permite unha conexión de equipos predeterminados.

A rede de cable exténdese, tamén, por todo o centro, existindo puntos de acceso en todas e cada unha das aulas así como os departamentos. Todas as aulas teñen unha dotación de pizarra dixital, ordenador portátil e proxector, agás a aula 3.07, que pola súa configuración non conta con pizarra dixital.

2. Aulas informáticas

O centro conta con tres aulas de informáticas con diferentes capacidades e dotación:

- Informática 1 - Info1: 30 equipos de sobremesa con sistema operativo Windows
- Informática 2 - Info2: 24 equipos de sobremesa con sistema operativo Linux

- Informática 3 - Info3: 20 equipos de sobremesa con sistema operativo Linux

Todas as aulas contan con ordenador portátil para o profesor e proxector.

3. Ordenadores portátiles

A integración do centro no programa E-Dixgal permite que todo o alumnado da ESO conte cun ordenador portátil con pantalla táctil á súa disposición, en préstamo para todo o curso. O profesores con docencia en ditos cursos e integrados no programa contan tamén cun ordenador portátil en préstamo nas mesmas condicións.

O centro ten en depósito ordenadores portátiles correspondentes ao antigo programa Abalar que son utilizados puntualmente en determinadas clases como Programación. Están ubicados na aula de Tecnoloxía e outro grupo á disposición do profesorado nun carrito de carga a carón do departamento de Ciencias Naturais.

O centro conta tamén cun reducido número de portátiles para dar servizo ao salón de actos e ás distintas reunións que o precisen.

Ó abeiro do programa RED.ES o centro conta cunha dotación de 40 ultraportátiles para o seu préstamo a membros da comunidade educativa afectados pola fenda dixital, dos cales 12 atópanse dispoñibles nun carro de carga para o seu uso en distintas aulas.

O centro xestiona tamén a solicitude de conexións de datos móbiles para utilizar con ditos equipos para o alumnado que non teña acceso a Internet no domicilio.

4. Biblioteca

A biblioteca do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes é un dos elementos dinamizadores da vida social e cultural do centro, desenvolvendo diversas iniciativas que integran o uso das tecnoloxías na actividade educativa.

Desde fai uns anos cóntase con libros electrónicos a disposicións dos usuarios para a súa carga con recursos de diversas páxinas web. Existen ademais seis ordenadores de sobremesa a disposición da comunidade educativa para a consulta de información e o desenvolvemento de traballos.

No curso 2019-2022 mercáronse quince tablets de gama media, coas súas respectivas fundas con teclado, para o desenvolvemento de traballos de investigación e alfabetización dixital co alumnado na biblioteca. Por mor do confinamento no curso pasado non se poido traballar con elas, pero hoxe atópanse plenamente operativas e sendo utilizadas con asiduidade polo profesorado e alumnado.

4. Plataformas dixitais

Para a integración das TIC na actividade educativa, ademais dos recursos dispoñibles na rede e as pertinentes aplicacións informáticas, é importante contar con plataformas dixitais axeitadas para o desenvolvemento da actividade, dotadas con ferramentas e utilidades específicas que faciliten o desenvolvemento das tarefas relacionadas co ensino e o aprendizaxe.

Actualmente existe unha diversidade de linguaxes e aplicacións que poden servir de soporte a actividades de aprendizaxe electrónico. Mencionamos a continuación as mais difundidas entre a comunidade educativa do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes nas tarefas de ensino-aprendizaxe.

A. Aula virtual

Plataforma dixital baseada en Moodle, con soporte técnico da Consellería de educación e xestionada polo propio centro. Conta na actualidade con mais de cen cursos distribuídos en distintas categorías.

B. Espazo Abalar - EVA

Espazo similar á Aula virtual en Moodle, o Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) está xestionado de forma centralizada directamente pola administración no que se cargan os libros electrónicos contratados pola Consellería para poñelos a disposición dos alumnos nas distintas materias integradas no proxecto E-Dixgal.

Só dispoñible para o alumnado da ESO.

C. e-Twinning

e-Twinning estase a consolidar no centro como plataforma para o desenvolvemento de proxectos educativos, normalmente a escala internacional, pero tamén como ferramenta de colaboración e formación do profesorado.

Pertencente ao programa europeo Erasmus+ e xestionado pola Unión Europea, actualmente o centro conta cun perfil en dita plataforma e oito profesores rexistrados con seis proxectos activos.

5. Comunicación

Unha das principais funcións das TIC é a de axilizar e facilitar as comunicacións entre os membros da comunidade educativa. No IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, utilízanse o seguintes canles vinculados ás novas tecnoloxías:

A. Paxina web

Suministrada pola Consellería de educación e xestionada polo centro, trátase dunha plataforma

basada en Drupal que o centro utiliza basicamente para colgar información de interese para as familias (programacións, horas de atención ás familias, datos organizativos, eventos, etc.) e informar das actividades desenvolvidas.

Para facilitar o acceso á web, o centro conta con dominio propio (www.iesollosgrandes.org) dende o que se redirixe á dirección da web en Drupal (www.edu.xunta.es/centros/iesollosgrandes/).

B. Abalar móbil

Servizo de información á comunidade educativa que ofrece un canle de comunicación automatizado e seguro para comunicar faltas, cualificacións e intercambiar mensaxes entre o profesorado e as familias en relación á situación escolar do alumnado.

Conta cunha aplicación móbil que permite a inmediatez da información e comunicación entre os usuarios interesados.

C. Correo electrónico corporativo

O correo electrónico consolídase como unha vía fiable e madura de comunicación mediante a rede. Segue a ser popular pola súa versatilidade, facilidade de uso e difusión entre os usuarios.

Os profesores fan uso da súa conta @edu.xunta nas súas comunicacións internas e administrativas. É a chave de acceso a gran maioría de servizos web ofrecidos pola administración educativa (concurso de traslados, oposicións, substitucións, etc.)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

O resultado do análise DAFO polos distintos grupos participantes ven recollido na táboa inferior.

Áreas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.		3,3	3,3		
	Profesorado		3,8	3,8		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,3	3,3		
	Profesorado		3,5	3,5		
	Alumnado		2,9	2,9		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4	4		
	Profesorado		4,1	4,1		
	Alumnado		3,7	3,7		
D- Desenvolvemento profesional contínuo	Equipo Direct.		3,7	3,7		
	Profesorado		3,6	3,6		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,4	3,4		
	Profesorado		4,2	4,2		
	Alumnado		4	4		

F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,1	3,1		
	Profesorado		3,8	3,8		
	Alumnado		3,2	3,2		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,5	2,5		
	Profesorado		3,5	3,5		
	Alumnado		2,8	2,8		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3	3		
	Profesorado		3,7	3,7		
	Alumnado		3,4	3,4		

A. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	33	55	60%
PROVISIONAL	10	14	71,4%
INTERINO	6	10	60%
SUBSTITUTO	5	6	83,3%
DESPRAZADO			

B. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
91,9	Integradora(B1)	76,4	Integradora(B1)

C. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	87	Integrador/a(B1)	79,2	Integrador/a(B1)
BAC	93,9	Integrador/a(B1)	77,9	Integrador/a(B1)
F.P				

D. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	14	25%
B1	19	33,9%
B2	13	23,2%
C1	10	17,9%
C2		
TOTAL	56	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO	1. Na etapa da ESO todo o alumnado conta cos equipos de edixgal/ 2. Dotación de recursos (Internet - wifi) axeitada ás necesidades do centro. 3. Existencia de recursos dispoñibles en préstamo para o alumnado con necesidade. 4. Pizarra dixital na maioría das aulas	1. Insuficiente debate sobre ventaxas/desventaxas sobre o uso da tecnoloxía no aprendizaxe 2. Dificultade para manter os equipos actualizados debido a alta demanda e o número de usuarios dos mesmos. 3. Non dispoñibilidade de equipos individuais na etapa do bacharelato. 4. Equipos obsoletos nalgunha das aulas
	PERSONAL	1. Profesorado familiarizado con emprego de entornos virtuais	1. Tempo do que dispón o profesorado insuficiente para

DOCENTE	de aprendizaxe. 2. Uso xeneralizado so software libre ou software aberto non baseado en licencias (Google)	explorar novas modalidades de ensino. 2. Falta de formación e preocupación polo emprego de materiais dixitais con licencias non restritivas. 3. Descoñecemento das normativas de dereitos de autor e sobre privacidade dos datos.
PERSONAL NON DOCENTE	1. Dispoñibilidade de recursos dixitais	1. Ausencia dunhas directrices claras no referente ó uso das tecnoloxías dixitais.
ALUMNADO	1. Todo o alumnado de BAC dispoñe de móbiles co que podense comunicar 2. Alumnado familiarizado con emprego de entornos virtuais de aprendizaxe 3. Dispoñibilidade de recursos dixitais propios.	1. Protocolo de detección de deficiencias (socioeconómicas, de conexión...) no ensino mixto pouco eficientes. 2. Uso pouco creativo dos recursos dixitais. 3. Pouco desenvolvemento do xuízo crítico na utilización dos recursos dixitais. 4. Dependencia excesiva dos móbiles
FAMILIAS	1. Familias implicadas na formación do alumnado. 2. Uso crecente das novas tecnoloxías nas comunicacións co centro.	1. Falta de control por parte das familias no uso de móbiles, ordenadores...
OFERTA	1. Oferta formativa que abrangue a etapa da educación secundaria (alumnado homoxéneo en canto a idade).	1. Perspectiva dixital pouco integrada no ensino das materias non específicas.
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Boa integración das ferramentas dixitais no desenvolvemento das tarefas. 2. Foméntase a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.(F6)	1. Falta de persoal especializado para a atención ás necesidades derivadas da dixitalización (creación de contidos, actualización da web, etc.). 2. Carga horaria que impide ou dificulta a correcta dedicación ao proceso por parte do profesorado.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Boa disposición e xenerosa aportación de recursos	1. Excesiva burocratización do proceso de control de uso dos recursos. 2. Falta de axilidade para atender situacións particulares de necesidade de recursos (equipos, conexións a Internet, etc.) 3. Páxinas e plataformas da administración (Xade, abalar, edixgal...) pouco intuitivas e amigables
	LEXISLACIÓN	1. Impulso e respaldo da administración dixital. 2. Recoñecemento do dereito do cidadán ó acceso dixital á administración.	1. Normativa de protección de datos excesivamente protectora e limitante. 2. Incoherencia entre a lexislación de protección de datos e a necesidade de divulgación das actividades desenvolvidas no centro.
	CONTORNA	1. Contorna en xeral de clase media-alta con recursos e posibilidade de axuda aos alumnos 2. Boa disposición das entidades da contorna na súa relación co centro.	1. Ausencia dun tecido empresarial dinámico e relevante vinculado ó eido dixital. 2. Escasa materialización en recursos reais das entidades locais.
	ANPA	1. Disposición colaborativa en relación ás distintas necesidades do centro.	1. Baixa participación das familias e alcance limitado.
	OUTRAS ENTIDADES	1. Desde a Universidade colaboran con nos e nalgún dos grupos de traballo facilitan o emprego doutras plataformas de comunicación como Teams	1. Lexanía de axentes implicados no desenvolvemento dixital das entidades locais e pouca visibilidade dos mesmos.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partindo dos datos recollidos polo test SELFIE e do test CDD do centro realizouse unha análise cuantitativa centrándonos naqueles aspectos que obtiveron menor puntuación e daqueles nos que se acadaron mellores resultados. Con eses datos elaborouse o DAFO.

A partir do DAFO determináronse as seguintes áreas prioritarias:

1. Liderado
2. Desenvolvemento profesional continuo
3. Competencias dixitais no alumnado
4. Infraestruturas

Os obxectivos prioritarios a acadar son os seguintes.

- Establecer as funcións dun coordinador TIC (independente do coordinador Edixgal).
- Desenvolver programas de formación do profesorado para mellorar a competencia en ámbitos específicos.
- Formar a comunidade educativa sobre o uso axeitado e seguro dos dispositivos móbiles
- Actualización das infraestruturas e equipos informáticos.

A continuación detállanse para cada un dos indicadores, accións a desenvolver, e a súa temporalización.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A correcta execución do plan precisa dos seguintes elementos:

Correcto mantemento, renovación e actualización dos equipos que integran a infraestrutura dixital do centro.

Xestionar a provisión de recursos tecnolóxicos ó alumnado de bacharelato para asegurarse a posibilidade de traballo dixital dentro da aula de referencia.

Área/s de mellora: LIDERADO							
OBXECTIVO 1	Establecer as funcións dun coordinador TIC (independente do coordinador Edixgal)				Acadado		
Responsable	Equipo directivo, Inspección				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Persoa nomeada, protocolo creado, e divulgado entre o profesorado de nova incorporación.						
Valor de partida	Inexistencia da persoa, inexistencia do protocolo						
Valor previsto e data	Existencia do cargo e do protocolo			Curso 2022/ 23			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Nomear unha persoa coordinadora TIC con asignación horaria.	Equipo directivo	Setembro 2022	Persoa nomeada.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.2: Solicitar recoñecemento formal das horas de coordinación	Equipo directivo, Inspección	Setembro 2022	Horas liberadas			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.3: Desenvolver formación básica sobre ferramentas de comunicación e creación de contidos en Edixgal ou A.V. ao profesorado de nova incorporación no centro.	Persoa coordinadora TIC, equipo directivo	Xuño 2023	100% do profesorado coñece as ferramentas básicas CFR (Cursos internos no centro).			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.4: Elaborar un protocolo de acollida dixital para o profesorado de nova incorporación ao centro	Persoa coordinadora TIC, equipo directivo.	Setembro de 2022	Protocolo elaborado.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO

OBXECTIVO 2	Desenvolver programas de formación do profesorado para mellorar a competencia en ámbitos específicos (dereitos de autoría, avaliación, creación de contidos...)	Acadado
Responsable	Coordinador formación - Equipo directivo	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Creación de contidos relacionados na aula virtual do centro	
Valor de partida	Contidos na aula virtual do centro que non se axustan aos criterios arriba comentados	
Valor previsto e data	Contidos creados tendo en conta temas de autoría, emprego de sistemas de avaliación mediante ferramentas colaborativas e de coevaluación dixital	Curso 2022/ 23 e 2023/24

Participación do profesorado na formación

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1:Solicitar formación específica.	Persoa directora.	Setembro 2022	Claustro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2:Desenvolver formación no PFPP sobre lexislación de autoría, avaliación, creación de contidos multimedia...	Coordinador de formación	Maio 2023	Claustro Servizo de formación do profesorado, Experto/a		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.3:Elaborar e valorar de xeito crítico os contidos empregados na aula virtual.	Claustro	Xuño 2023	Claustro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS NO ALUMNADO

OBXECTIVO 3	Formar a comunidade educativa sobre o uso axeitado e seguro dos dispositivos móbiles	Acadado
Responsable	Claustro	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de horas efectivas empregadas no uso dos ordenadores e móbiles.	
Valor de partida	Falta de control no numero de horas e aplicacións empregadas polos alumnos nos seus dispositivos	
Valor previsto e data	Enquisa inicial e enquisa final	Curso 2022/ 23

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitar charla sobre os perigos derivados do excesivo uso de dispositivos móbiles	Coordinador TIC, equipo directivo	Setembro 2022	Claustro, Servizo de formación do profesorado, Experto/a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Solicitar formación sobre ferramentas tanto tecnolóxicas como psicolóxicas que permitan unha mellor comunicación cos rapaces e unha autoxestión do uso dos móbiles	Coordinador TIC, equipo directivo	Setembro 2022	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
Ao3.3: Realizar cursos definidos polo claustro	Equipo directivo	Xuño 2023	Instalacións do Centro e Ponente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURAS						
OBXECTIVO 4	Actualización das infraestruturas e equipos informáticos.				Acadado	
Responsable	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de equipos renovados e melloras realizadas.					
Valor de partida	Equipos e infraestruturas actualizados con cargo ao orzamento do centro.					
Valor previsto e data	Actualización centralizado pola administración educativa.			Curso 2022/ 23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Inventario e valoración do EPI existentes	Coordinador TIC, equipo directivo	Novembro 2022	Experto/a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Análise das posibles liñas de actuación por parte da Administración	Coordinador TIC, equipo directivo	Xullo 2023	Claustro e Consello Escolar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan.

Obxectivo 1: “Establecer as funcións dun coordinador TIC”

Avaliación procesual: No primeiro trimestre avaliarase o nomeamento do coordinador TIC con asignación horaria, o recoñecemento formal das horas de coordinación e a elaboración do protocolo de “acollida dixital”. No segundo trimestre, valorarase o desenvolvemento da formación sobre ferramentas de comunicación e creación de contidos.

Avaliación final: Avaliarase se o profesorado de nova incorporación adquiriu os coñecementos básicos que se pretendían e de ser o caso presentarase propostas de mellora, recollidas nunha memoria final.

Obxectivo 2: “Desenvolver programas de formación do profesorado para mellorar a competencia en ámbitos específicos.”

Avaliación procesual: No primeiro trimestre avaliarase a solicitude da formación; no segundo trimestre o seu estado de execución.

Avaliación final: Valorarase se os contidos adquiridos durante o curso foron realmente empregados e recollidos na memoria do departamento.

Obxectivo 3: “Concienciar a pais e alumnos do excesivo uso de dispositivos móbiles”

Avaliación procesual: No primeiro trimestre avaliarase a solicitude da charla sobre os perigos do excesivo uso de dispositivos móbiles e a formación sobre ferramentas que permitan unha mellora na comunicación e autoxestión do uso dos móbiles. No segundo valorarase a formación e os cursos definidos polo Claustro.

Avaliación final: Avaliarase se o alumnado fai realmente unha autoxestión do uso dos dispositivos móbiles, a través do rexistro anual do número de partes de convivencia por motivo do seu uso.

Obxectivo 4: “Actualización das infraestruturas e equipos informáticos”

Avaliación procesual: No primeiro trimestre avaliarase o inventario e a valoración dos equipos informáticos existentes.

Avaliación final: Farase unha memoria sobre os equipos informáticos e as infraestruturas realizadas: inventario, situación, actualizacións, ...

5. Difusión do plan.

O Plan Dixital publicarase na páxina web do centro, comunicarase ás familias a través da plataforma de Abalar, daráselle difusión no Claustro e colgarase na aula virtual do centro.